

«9.º Se no curso do ano natural se producise unha variación no número ou nas circunstancias dos ascendentes, sempre que se producise unha variación no importe do mínimo familiar, de acordo co artigo 40 da lei do imposto.»

3. O punto 4 do artigo 81 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«4. Os novos tipos de retención aplicaranse a partir da data en que se produzan as variacións a que se refiren os números 1.º, 2.º, 3.º e 4.º do punto 2 deste artigo e a partir do momento en que o perceptor dos rendementos do traballo lle comunique ó pagador as variacións a que se refiren os números 5.º, 6.º, 7.º, 8.º e 9.º dese punto, sempre e cando tales comunicacións se produzan con, polo menos, cinco días de antelación á confección das correspondentes nóminas, sen prexuízo das responsabilidades en que o perceptor puidese incurrir cando a falta de comunicación de tales circunstancias determine a aplicación dun tipo inferior ó que corresponda, nos termos previstos no artigo 89 da lei do imposto.

A regularización a que se refire este artigo poderá realizarse, a opción do pagador, a partir do día 1 dos meses de abril, xullo e outubro, respecto das variacións que, respectivamente, se producisen nos trimestres inmediatamente anteriores a estas datas.»

Disposición transitoria única. *Regularización do tipo de retención.*

A regularización do tipo de retención correspondente ó exercicio 2000, para a aplicación das modificacións introducidas por este real decreto, poderá realizarse do seguinte modo:

1. Cando os descendentes que se computaron por metade deban computarse na súa totalidade, ou deba computarse o mínimo familiar por ascendentes, de acordo co previsto no artigo 78.3.d) do regulamento do imposto, o contribuínte comunicará esas circunstancias por escrito ó pagador dos rendementos do traballo, sen que tal comunicación deba axustarse ó modelo a que se refire o segundo parágrafo do artigo 82.1 do regulamento do imposto, e quedando este obrigado a conservar-la comunicación debidamente asinada.

2. O pagador poderá practicala regularización, nos termos previstos no artigo 81 do regulamento do imposto, en calquera das nóminas correspondentes ó período que media entre a recepción da comunicación e a última do exercicio 2000.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e terá efectos desde o día 1 de xaneiro de 2000.

Dado en Madrid o 20 de outubro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,

CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18915** *REAL DECRETO 1735/2000, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas.* («BOE» 253, do 21-10-2000.)

A Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, ademais de regula-lo réxime do persoal militar profesional que integra a categoría de tropa e mariñeiría no novo modelo de plena profesionalización dos exércitos, definiu o sistema de ensino militar e as formas para acceder a el ó lle dedica-lo seu título V ó ensino militar e, dentro del, o seu capítulo III ó acceso ó dito ensino. Tamén hai que ter en conta para os efectos do acceso ás Forzas Armadas a regulación da provisión de prazas contida na devandita lei.

Por este real decreto procédese a aprobar un Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas de desenvolvemento dos citados aspectos da Lei 17/1999, do 18 de maio, cun carácter integrador, ó regular tódalas formas de acceso ó ensino militar de formación tanto para incorporarse ás diferentes escalas dos militares de carreira, por vía de acceso directo, por promoción interna e por cambio de corpo, como para adquirila condición de militar de complemento ou militar profesional de tropa e mariñeiría. Este carácter integrador tamén se manifesta coa inclusión do acceso dos militares profesionais de tropa e mariñeiría a unha relación de servicios de carácter permanente e o cambio de adscrición a corpo dos militares de complemento.

Punto de referencia para a súa elaboración foi a experiencia adquirida na aplicación durante os últimos anos do Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas e Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1951/1995, do 1 de decembro, que supoñía unha actualización do Real decreto 562/1990, do 4 de maio, que desenvolvera inicialmente a Lei 17/1989, do 19 de xullo, de réxime do persoal militar profesional, nestes aspectos.

En relación coa anterior regulamentación exclúese con carácter xeral o tratamento do acceso ó corpo da Garda Civil, que deberá te-la súa regulación específica en desenvolvemento da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, coa única excepción que esta propia lei establece no seu artigo 20, ó determinar que os que accedan directamente ó ensino de formación para a incorporación á escala superior de oficiais cursarán unha primeira fase na Academia Xeral Militar do Exército de Terra, polo que o número de prazas, os requisitos e as probas para o ingreso se rexerán polas normas establecidas para as escalas superiores de oficiais dos corpos xerais dos exércitos. En consecuencia, neste real decreto a Garda Civil ten un dobre tratamento. Por un lado, establécese un réxime transitorio con carácter xeral ata que se proceda á aprobación da súa regulación específica e, por outro, o ingreso por acceso directo á escala superior de oficiais do corpo remítese á aplicación do Regulamento nas mesmas condicións establecidas para os corpos xerais dos exércitos.

No regulamento adquire especial importancia, ó ser elemento imprescindible no novo modelo de Forzas Armadas plenamente profesionais, o acceso a militar profesional de tropa e mariñeiría, para o que se establecen, de acordo co artigo 68 da Lei 17/1999, do 18 de maio, as normas que permitan alcanzar e manter, nun proceso continuo, os efectivos de militares profesionais de tropa e mariñeiría dos exércitos, definidos de acordo co planeamento da defensa militar e tendo en conta os créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado.

A permeabilidade entre escalas, que é outro dos obxectivos da Lei 17/1999, conséguese potenciando a promoción interna e o cambio de corpo dentro do mesmo exército.

Como factores fundamentais no novo modelo, ós militares profesionais de tropa e mariñeiría resérvase-lle a totalidade das prazas que se convoquen para as escalas de suboficiais do seu respectivo Exército e regúlase como se pode transformar en permanente a súa inicial relación de servicios de carácter temporal e que nos sistemas de selección de concurso e concurso-oposición para o acceso ós centros de ensino militar se valorará o tempo servido nas Forzas Armadas.

Respecto ós militares de complemento, a relación de servicios dos cales terá sempre carácter temporal, determináanse os procedementos e requisitos para que poidan acceder a unha de carácter permanente, optando ás prazas que se determinen para o acceso por promoción interna ás escalas de militares de carreira do corpo ó que estean adscritos.

Cabe destacar tamén que se aplica con tódalas súas consecuencias o principio de igualdade e elimínase calquera tipo de discriminación entre o home e a muller, xa que as prazas de acceso ás Forzas Armadas non terán ningunha limitación por razón de sexo. Iso non é obstáculo para que nas probas para establece-la aptitude psicofísica se establezan parámetros diferenciados para o home e a muller, co fin de adecuarse ás súas distintas condicións físicas, sen prexuízo de que para a asignación de determinados destinos, especialidades ou aptitudes, que así o requiran, as esixencias sexan iguais para todos, co fin de aseguralo desempeño dos cometidos das diferentes unidades.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, conxuntamente co ministro do Interior polo que respecta ó corpo da Garda Civil, e coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de outubro do 2000,

## DISPÓÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas que se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Acceso directo á escala superior de oficiais do corpo da Garda Civil.*

Para o ingreso por acceso directo á escala superior de oficiais do corpo da Garda Civil será de aplicación o regulamento que aproba este real decreto no que se refire ás escalas superiores dos corpos xerais dos exércitos.

Disposición transitoria única. *Acceso ó corpo da Garda Civil.*

Ata a aprobación dun regulamento específico para a Garda Civil, o ingreso no referido corpo seguirase rexendo polo Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas e Garda Civil aprobado polo Real decreto 1951/1995, do 1 de decembro, sen prexuízo do establecido na disposición adicional única deste real decreto e a aplicación das seguintes normas:

1. Para o acceso directo ós centros de ensino para a incorporación ás diferentes escalas do corpo da Garda Civil, sen reserva de prazas, ós militares profesionais de tropa e mariñeiría non se lles esixirá teren cumprido o compromiso inicial.

2. Para o acceso directo ós centros de ensino para a incorporación á escala de cabos e gardas, nas convocatorias dos anos 2000, 2001 e 2002, ós militares profesionais de tropa e mariñeiría non lles será de aplicación o límite de trinta anos de idade que se establecía no devandito regulamento.

3. Reservarase alomenos un cincuenta por cento das prazas convocadas para cursa-lo ensino de formación que capacita para a incorporación á escala de cabos e gardas do corpo da Garda Civil, para os militares profesionais de tropa e mariñeiría das Forzas Armadas que leven alomenos tres anos de servicios como tales na data prevista de incorporación ó centro de formación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Real decreto 1951/1995, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso e promoción nas Forzas Armadas e Garda Civil, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única deste real decreto.

b) Artigo 15 do Regulamento do militar de emprego da categoría de oficial, aprobado polo Real decreto 537/1994, do 25 de marzo.

2. Entrementes non se dicten as correspondentes ordes de desenvolvemento do presente real decreto e disposicións complementarias, manterán a súa vixencia as disposicións que a continuación se sinalan:

a) Orde ministerial 52/1986, do 17 de xuño, pola que se aproba o cadro médico de exclusións común para o ingreso en determinados corpos e escalas das Forzas Armadas.

b) Anexo I da Orde 15/1988, do 23 de febreiro, pola que se establecen o cadro médico de exclusións e as probas de aptitude física aplicables ó ingreso da muller en determinados corpos e escalas das Forzas Armadas.

c) Orde ministerial 30/1991, do 4 de abril, pola que se establecen as probas de aptitude física para o ingreso nos corpos de intendencia e enxeñeiros dos exércitos e dos corpos comúns das Forzas Armadas.

d) Orde ministerial 74/1992, do 14 de outubro, pola que se aproban as normas para a valoración psicofísica do persoal das Forzas Armadas con responsabilidade en voo.

e) Orde ministerial 90/1992, do 24 de novembro, pola que se aproban os programas polos que han de se rexer os procesos selectivos para o ingreso nos centros docentes militares de formación de grao básico.

f) Orde ministerial 12/1993, do 2 de febreiro, pola que se aproban os programas de exercicios e materias polos que han de se rexer os procesos selectivos para o ingreso nos centros docentes militares de formación dos corpos comúns das Forzas Armadas.

g) Orde ministerial 49/1993, do 5 de maio, que aproba os programas de exercicios e materias polos que han de se rexer os procesos selectivos de ingreso nos centros docentes militares de formación para os corpos de intendencia dos exércitos.

h) Instrucción 56/1993, do 17 de maio, sobre composición e funcionamento dos órganos de selección e dos seus órganos asesores e de apoio.

i) Orde 61/1996, do 26 de marzo, pola que se aproban os programas de exercicios e materias polos que han de se rexer os procesos selectivos de ingreso nos centros docentes militares de formación para os corpos de enxeñeiros dos exércitos, escalas superior e técnica.

j) Orde do 17 de decembro de 1997 pola que se aproban as normas polas que han de se rexer os procesos selectivos para o ingreso directo nos centros docentes

militares de formación para o acceso ás escalas superior e media dos corpos xerais dos exércitos e do corpo de infantaría de mariña, así como ás escalas superior e executiva do corpo da Garda Civil.

k) Orde 79/1999, do 11 de marzo, pola que se modifican os cadros médicos de exclusións e probas físicas nos procesos selectivos para ingreso e promoción nas Forzas Armadas.

l) Orde 13/2000, do 21 de xaneiro, pola que se derroga a orde 42/1994, do 13 de abril, pola que se aproba o cadro médico de exclusións e as probas de aptitude física, polas que han de se rexe-los procesos selectivos para acceso a militar de emprego da categoría de tropa e mariñeira profesionais nas Forzas Armadas.

m) Orde 51/2000, do 2 de marzo, pola que se aproban os modelos de documentos de incorporación ás Forzas Armadas e de nomeamento de alumno.

n) Orde do 12 de abril do 2000 pola que se dan normas para a realización das probas de aptitude física nos procesos selectivos para acceso ó ensino militar de formación para adquiri-la condición de militar de carreira, militar de complemento e militar de carreira da Garda Civil.

3. Así mesmo, quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa, conxuntamente co do interior polo que respecta á Garda Civil, a dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do presente real decreto e do regulamento que aproba.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o regulamento que aproba entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de outubro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## REGULAMENTO XERAL DE INGRESO E PROMOCIÓN NAS FORZAS ARMADAS

### CAPÍTULO I

#### Normas xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación do regulamento.*

1. Este regulamento regula os sistemas de selección para o acceso ó ensino militar de formación que permita:

a) Adquiri-la condición de militar de carreira ou para que os militares de carreira poidan incorporarse a unha escala ou corpo distinto daquel ó que pertencen.

b) Adquiri-la condición de militar de complemento.

c) Adquiri-la condición de militar profesional de tropa e mariñeira.

No ámbito deste regulamento enténdese como centro de ensino militar o compendio dos termos «centro docente militar de formación», «centro militar de formación», e cando as características da formación así o aconsellen «unidades que determine o ministro de Defensa para

imparti-la formación para o acceso a militar profesional de tropa e mariñeira».

2. Este regulamento tamén regula os sistemas de selección para que o militar profesional de tropa e mariñeira acceda a unha relación de servizos de carácter permanente.

Artigo 2. *Disposición reguladora.*

O acceso ós centros de ensino militar e o acceso a unha relación de servizos de carácter permanente, ós que fai referencia o artigo 1 deste regulamento, rexeranse polas convocatorias respectivas, que se axustarán, en todo caso, ó disposto neste regulamento e ás normas de desenvolvemento que resulten aplicables.

Artigo 3. *Provisión anual de prazas.*

1. O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Administracións Públicas, co informe favorable do Ministerio de Facenda e a iniciativa do Ministerio de Defensa, determinará cada ano a provisión de prazas das Forzas Armadas, mediante real decreto aprobado no mes de xaneiro do ano en que se vaian efectuar as convocatorias correspondentes, especificando as cotas que correspondan ás distintas formas de acceso ó ensino militar de formación, así como as posibilidades, se é o caso, de transferencia de prazas entre as distintas cotas. Igualmente, cando se esixan diferentes títulos para o acceso a un centro de ensino militar determinado, poderá figurar no real decreto de provisión de prazas, a cota do total de prazas que corresponde a cada un deles.

2. No real decreto de provisión de prazas:

a) Reservarase o total das prazas convocadas para cursa-lo ensino militar de formación para a incorporación por promoción interna ás escalas de suboficiais do seu exército, para os militares profesionais de tropa e mariñeira.

b) Poderase reservar ata o 75 por 100 das prazas convocadas para cursa-lo ensino militar de formación para a incorporación por promoción interna, dentro do seu exército, ás escalas de oficiais para os militares de carreira pertencentes ás escalas de suboficiais.

c) Poderase reservar ata o 20 por 100 das prazas convocadas para cursa-lo ensino militar de formación para a incorporación por promoción interna, dentro do seu exército, ás escalas superiores de oficiais para os militares de carreira pertencentes ás escalas de oficiais.

d) Poderase reservar prazas para acceder por promoción interna, dentro do seu exército, ó ensino militar para a incorporación ás escalas superiores de oficiais e ás escalas de oficiais, dos corpos ós que estean adscritos, para os militares de complemento e para os suboficiais músicos dentro do seu corpo.

Artigo 4. *Formas de acceso.*

1. As formas de acceso ós centros de ensino militar son as seguintes:

a) Acceso directo.

b) Acceso por promoción interna.

c) Acceso por cambio de corpo.

2. O acceso directo é a forma de acceso para adquiri-la condición de militar de carreira, militar de complemento ou militar profesional de tropa e mariñeira, aberta a tódolos españois que reúnan as condicións establecidas neste regulamento, nos termos que se determinan nos capítulos IV e V deste.

3. O acceso por promoción interna é a forma de acceso para os militares de carreira á escala inmedia-

tamente superior a aquela á que pertencen dentro do mesmo corpo, e dos militares de carreira das escalas de oficiais e de suboficiais dos corpos de especialistas, dentro do seu exército, ás escalas superiores de oficiais e ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña, respectivamente. Tamén se considera promoción interna o acceso dos militares de complemento ó corpo e, se é o caso, escala ós que estean adscritos e o acceso dos militares profesionais de tropa e mariñeiría ás escalas de suboficiais. Todo iso nas condicións que se determinan nos capítulos IV e VI deste regulamento.

4. O acceso por cambio de corpo é a forma de acceso, reservada para os militares de carreira dos corpos xerais, de infantaría de mariña, de enxeñeiros e de especialistas, dentro do seu exército, nos termos que se determinan nos capítulos IV e VII do presente regulamento, para acceder:

- a) Ás escalas superiores de oficiais e ás escalas técnicas de oficiais dos corpos de enxeñeiros.
- b) Ás escalas superiores de oficiais dos corpos de intendencia.
- c) Ás especialidades fundamentais das escalas de oficiais dos corpos de especialistas nas que se esixa para o acceso títulos do sistema educativo xeral.

#### Artigo 5. *Sistemas de selección.*

1. A selección á que fai referencia o artigo 1 deste regulamento efectuarase mediante convocatoria pública a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libres, nos que se garantan en todo caso os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

2. O concurso consiste na comprobación e cualificación dos méritos dos aspirantes admitidos ás probas e no establecemento da orde de prelación deles na selección.

A oposición é a realización dunha ou máis probas para determina-la capacidade e a aptitude dos aspirantes admitidos e fixa-la súa orde de prelación na selección.

O concurso-oposición é a sucesiva realización dos dous sistemas anteriores para fixa-la orde de prelación na selección.

3. Os méritos que se han de valorar nos sistemas selectivos por concurso e concurso-oposición, así como a incidencia da fase de concurso na puntuación final do sistema de selección por concurso-oposición nas distintas formas de acceso, serán os que se establezan nas convocatorias respectivas, debendo valorarse o tempo servido nas Forzas Armadas e os que se deriven do historial militar individual, que terán unha incidencia entre o 50 por 100 e o 80 por 100 sobre a puntuación máxima do baremo.

A incidencia da fase de concurso na puntuación final do sistema por concurso-oposición non deberá ser inferior a un 20 por 100 nin superior a un 50 por 100.

4. Nos sistemas de oposición e concurso-oposición poderase fixar unha cualificación mínima naquelas probas da fase de oposición que determine a convocatoria.

Nos distintos sistemas de selección tamén se poderá fixar unha puntuación mínima que se ha de alcanzar tanto no resultado da valoración de méritos no concurso como na puntuación final da oposición.

5. Nos sistemas de selección, as probas que haberá que superar serán adecuadas ó nivel e características da ensino militar que se vai cursar ou, se é o caso, ó desempeño dos cometidos profesionais correspondentes.

6. As probas para acredita-las aptitudes psicofísicas necesarias para cursa-los respectivos plans de estudos, axustaranse a cadros de condicións e exclusións de apli-

cación xeral ós centros de ensino militar en tódolos procesos selectivos. En cada un deles especificaranse as esixencias e niveis concretos que se deben acreditar, tendo en conta que poderán ser diferentes para o home e a muller co fin de adecuarse ás súas distintas condicións físicas.

#### Artigo 6. *Acceso a militar profesional de tropa e mariñeiría.*

As vacantes existentes para alcanzar e mante-los efectivos de militares profesionais de tropa e mariñeiría serán cubertas, con parámetros de selección obxectivos nun proceso continuo da forma que se especifica neste regulamento.

#### Artigo 7. *Protección da maternidade.*

Se algunha das aspirantes non puidese efectuar as probas físicas establecidas na convocatoria por embarazo ou parto, debidamente acreditados, realizará tódalas demais, quedando a praza que, se é o caso, obtivese condicionada á superación daquelas. Para iso a interesada poderá optar entre a data que, para estes únicos efectos, se determine na propia convocatoria, anterior á presentación dos admitidos no centro de ensino militar correspondente, ou a que, no seu momento, se estableza para a seguinte convocatoria. Se nesta data tampouco puidese realizalas debido a outro embarazo ou parto, debidamente acreditados igualmente, poderá elixir de novo entre as dúas opcións anteditas, sen que en ningún destes casos lles sexa de aplicación os límites de idade.

En caso de que a interesada non puidese realiza-las probas físicas na data prevista para iso na segunda convocatoria posterior á aquela en que obtivo a praza, calquera que fose a causa, perderá todo dereito a ela.

A interesada incorporarase ó centro de ensino militar correspondente cos admitidos na convocatoria na que supere as probas físicas, que se realizarán tras ser declarada apta no recoñecemento médico que estableza a convocatoria en que se realizan as devanditas probas físicas.

Se nalgunha das aspirantes admitidas ás probas convocadas para militar profesional de tropa e mariñeiría concorren as ditas circunstancias de embarazo ou parto ás que se refire o primeiro parágrafo deste artigo, poderá mantene-la praza que obtivese ata supera-las probas físicas, por un prazo máximo de dous anos.

En calquera dos casos previstos neste artigo a praza asignada á aspirante será da cota de prazas aprobada para a convocatoria en que obtivese a praza condicionada, sen mingua das prazas que se determinen en posteriores provisións anuais.

## CAPÍTULO II

### Convocatorias

#### Artigo 8. *Aprobación das convocatorias.*

1. O subsecretario de Defensa convocará os procesos selectivos para cubri-las prazas aprobadas na correspondente provisión anual.

2. De o requiri-las necesidades do planeamento da defensa militar, para o acceso á condición de militar de complemento e adquiriren os militares profesionais de tropa e mariñeiría unha relación de servicios de carácter permanente, poderán realizarse varias convocatorias durante o ano correspondente ou ata a finalización do primeiro trimestre do ano seguinte para o que foron convocadas as ditas prazas.

3. O subsecretario de Defensa tamén poderá aprobar a partir do 1 de xaneiro de cada ano a convocatoria para militar profesional de tropa e mariñeiría con obxecto de alcanzar e manter ó longo de todo o ano os efectivos aprobados na Lei de orzamentos xerais do Estado do exercicio correspondente. Esta convocatoria permitirá a realización de sucesivas probas selectivas para cubrir as prazas que se publiquen periodicamente segundo o establecido no artigo 6 deste regulamento.

#### Artigo 9. *Publicación das convocatorias.*

1. As convocatorias, xuntamente coas bases que fixan as condicións, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», agás aquelas que se refiran exclusivamente a promoción interna, cambio de corpo ou para acceder a unha relación de servizos de carácter permanente, que se publicarán no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

2. As convocatorias poderán ser de forma unitaria para o acceso directo nos diversos centros de ensino militar do mesmo nivel.

3. As bases das convocatorias vinculan a Administración, os órganos de selección que teñen que vulgalar as probas selectivas e a quen participe nelas.

4. As convocatorias, unha vez publicadas, soamente poderán ser modificadas con suxeición ás normas da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 10. *Contido das convocatorias.*

1. As convocatorias conterán alomenos o seguinte:

a) Número e características das prazas convocadas e a distribución, se é o caso, por especialidades.

b) Posibilidade de acumulación e transferencia das prazas, sempre e cando esta circunstancia se teña en conta na provisión anual de prazas a que fai referencia o artigo 3 deste regulamento.

c) Unidade, centro ou organismo ó que deben dirixirse as instancias.

d) Datas límites en que os aspirantes, para poderen optar ó proceso selectivo e tendo en conta o previsto nos capítulos IV, V, VI, VII e VIII deste regulamento, deberán presenta-las correspondentes acreditacións e certificacións de que reúnen:

- 1.º As condicións, tanto xerais como particulares.
- 2.º Os requisitos.
- 3.º Os niveis de estudos ou titulacións oficiais.

e) Relación de méritos que, se é o caso, serán tidos en conta e indicación de que a presentación das correspondentes acreditacións para a súa valoración na fase de concurso se realizará antes do inicio da primeira proba.

f) Sistema de selección.

g) Puntuación mínima que, se é o caso, se deberá alcanzar nos sistemas de oposición e concurso-oposición, así como en qué proba ou probas da fase de oposición haberá que superar unha cualificación mínima.

h) Probas selectivas que teñan que celebrarse e orde de realización delas.

i) Sistema de cualificación.

j) Cando sexa necesario, programa que rexerá nas probas ou indicación do «boletín oficial» correspondente en que foi publicado.

k) Autoridade que deberá nomea-lo órgano de selección encargado do desenvolvemento e cualificación das

probas selectivas, así como aprobar e publicar tanto as listas de admitidos e excluídos ás probas como a relación de aspirantes admitidos como alumnos.

l) Autoridade que deberá coordina-la asignación de prazas convocadas para distintos procesos selectivos cando se dá a circunstancia de que haxa aspirantes que tomen parte en máis dun destes.

m) Orde de actuación inicial dos aspirantes, segundo o resultado do sorteo ó que se fai referencia no artigo 11 do presente regulamento.

n) Determinación, se é o caso, das características e duración dos períodos de formación e prácticas, con declaración expresa da data prevista de incorporación ó centro no que se cursará o correspondente ensino militar.

ñ) Dereitos de exame que ten que aboa-lo aspirante, se é que procede.

o) Modelo de instancia que ten que presenta-lo aspirante, ou indicación do «boletín oficial» correspondente en que fose publicado.

2. O contido das convocatorias, para acceso a militar profesional de tropa e mariñeiría por un proceso continuo de selección, indicará o total dos efectivos que hai que alcanzar e manter durante o ano así como a forma de facer públicas as ofertas de prazas en sucesivos ciclos de selección, indicando o procedemento para solicita-la participación nas correspondentes probas selectivas destes ciclos.

3. O ministro de Defensa poderá aproba-las normas xerais nas que se determine o sistema de selección e as circunstancias de carácter xeral deste artigo, aplicables a sucesivas convocatorias.

#### Artigo 11. *Orde de actuación dos aspirantes.*

A Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar do Ministerio de Defensa determinará, mediante sorteo público único, realizado logo de anuncio no «Boletín Oficial del Estado» e dentro do último trimestre do ano natural, a orde de actuación dos aspirantes nos procesos selectivos para acceder a centros de ensino militar que se vaian celebrar durante o ano seguinte. No dito sorteo determinarase a letra do alfabeto a partir da cal quedará establecida a orde de actuación dos aspirantes, tendo en conta a relación alfabética destes. O resultado deste sorteo, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», deberá recollese en cada convocatoria.

Nas probas para acceso a militar profesional de tropa e mariñeiría a convocatoria determinará en razón da continuidade do proceso selectivo o momento da realización das probas selectivas.

#### Artigo 12. *Impugnacións.*

As convocatorias, as bases e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación dos órganos de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

### CAPÍTULO III

#### Órganos de selección

#### Artigo 13. *Tribunais e comisións permanentes de selección.*

1. Os órganos de selección serán os tribunais e as comisións permanentes de selección.

2. Os tribunais son os órganos de selección encargados de resolve-los concursos, oposicións e os con-

cursos oposición, que publicamente se convoquen para o acceso ós centros de ensino militar ou a adquisición dunha relación de servizos de carácter permanente en relación coa provisión de prazas determinada anualmente polo Goberno, así como atende-las probas físicas daquelas prazas condicionadas que se recollen no artigo 7 do presente regulamento.

3. As comisións permanentes de selección son os órganos ós que se lles encomenda o proceso selectivo, cando así o aconselle o elevado número de aspirantes, a complexidade das probas, o número de convocatorias ou ciclos de selección que se han de realizar, o nivel de titulación e especialización esixidos ou a realización de probas de forma individualizada.

No de acceso a militar profesional de tropa e mariñeira a asignación das prazas en cada ciclo do proceso continuo de selección será realizado por unha comisión permanente de selección, que, auxiliada polos órganos de apoio ou centros de selección que determine a convocatoria, tamén de carácter permanente, asignará as prazas tendo en conta a clasificación final dos aspirantes de acordo cos resultados das probas realizadas polos citados órganos ou centros.

4. Os tribunais e as comisións permanentes de selección estarán constituídos por un presidente, un número par de vocais, non inferior a catro, e un número igual de suplentes.

5. Os órganos de selección terán, ademais, un secretario, que poderá ser un dos vocais, caso en que contará con voz e voto, ou ben outra persoa designada para o efecto que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

6. Na composición dos órganos de selección a totalidade dos seus compoñentes deberá posuír unha titulación de igual ou superior nivel académico cá esixida para o acceso atendendo, no posible, ó principio de especialidade.

7. O subsecretario de Defensa determinará a autoridade que deberá nomealos membros dos órganos de selección correspondentes a cada convocatoria. Esta designación farase pública no «Boletín Oficial del Estado» ou no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» no caso de que a forma de acceso sexa exclusivamente por promoción interna ou para cambio de corpo así como para o acceso a unha relación de servizos de carácter permanente.

8. Os membros dos órganos de selección absteranse de intervir no procedemento selectivo se neles concorren circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e informarán do dito extremo á autoridade convocante. Os aspirantes poderán promover recusación dun membro ou membros dos órganos de selección, segundo o previsto no artigo 29 da citada lei.

9. Os presidentes dos órganos de selección poderán requirir-la incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, de acordo co previsto nas correspondentes convocatorias. Estes asesores limitaranse ó exercicio das súas especialidades técnicas, sobre as que colaborarán cos órganos de selección.

10. Para os supostos recollidos no artigo 7 deste regulamento, o órgano de selección que nese momento estea constituído, será o encargado de resolver sobre a aptitude física da aspirante e levantará acta independente da superación ou non das probas físicas e, se é o caso, será declarada admitida como alumna elevando o dito órgano de selección a proposta correspondente de forma separada daquela en que adxudique as prazas da convocatoria obxecto da súa constitución.

## CAPÍTULO IV

### Condicións que deben reuni-los aspirantes

#### Artigo 14. *Norma xeral.*

Os aspirantes a participar nos procesos selectivos a que fai referencia o artigo 1 do presente regulamento deberán reuni-las condicións xerais e as particulares que, para cada forma de acceso e centro de ensino militar, se determinan a continuación. Estas condicións e as que, se é o caso, se establezan, así como os prazos en que deben acreditarse, figurarán nas convocatorias correspondentes.

#### Artigo 15. *Condicións xerais.*

1. Os aspirantes a participar nos procesos selectivos a que fai referencia o artigo 1 deste regulamento, deberán reuni-las condicións xerais seguintes:

- a) Te-la nacionalidade española.
- b) Ter cumpridos alomenos dezaioito anos de idade na data de incorporación ó centro de ensino militar, e non supera-los límites de idade que para cada caso se establece no presente regulamento.
- c) Acreditar boa conducta cidadá conforme o establecido na Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conducta cidadá.
- d) Carecer de antecedentes penais
- e) Non estar privado dos dereitos civís.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin se atopar inhabilitado con carácter firme para o exercicio da función pública.
- g) Posuí-la aptitude psicofísica que en cada caso se determine, de acordo co establecido no artigo 5.6 deste regulamento, e que poderá ser verificada mediante as probas que se establezan na convocatoria.
- h) Estar en posesión dos niveis de estudos ou da titulación esixida para acceder a cada centro de ensino militar ou en condicións de obtela no prazo de presentación de solicitudes. Para estes efectos enténdese que se está en condicións de obtela cando antes do dito prazo se supere o correspondente plan de estudos que permite alcanza-los citados niveis ou acceder á correspondente titulación, ou, se é o caso, se supere unha determinada proba que expresamente se determine na convocatoria correspondente.
- i) Non ter adquirida a condición de obxector de conciencia, nin estar en trámite a súa solicitude.

2. Ademais das condicións xerais establecidas no punto anterior, para as formas de acceso por promoción interna e cambio de corpo, deberán cumprirse as seguintes:

- a) Non supera-lo número máximo de tres convocatorias, entendéndose que se consumiu unha convocatoria unha vez que o aspirante foi incluído na lista de admitidos ás probas, agás cando estea destinado en unidades militares con misións fóra do territorio nacional e que por razóns do servizo non poida participar no proceso selectivo para optar ás prazas que se convoquen, sempre que o solicite antes do inicio da primeira proba.
- b) Encontrarse na situación de servizo activo ou de servizos especiais e nos supostos e) e f) da situación de excedencia voluntaria recollidos no artigo 14.1.1 da Lei 17/1999, do 18 de maio.
- c) Non ter anotadas con carácter firme na súa documentación militar persoal sancións disciplinarias por faltas graves ou sancións disciplinarias extraordinarias. Para estes efectos non se terán en consideración aquelas respecto das cales transcorresen os prazos establecidos no artigo 72 da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

## CAPÍTULO V

**Condicións particulares para a forma de acceso directo**

**Artigo 16.** *Condicións particulares para acceder ós centros de ensino militar que capacitan para a incorporación ós corpos específicos dos exércitos.*

Os aspirantes a acceder ós centros de ensino militar deberán reuni-las condicións particulares que para cada corpo ou escala se indican a continuación e que se fixarán nas correspondentes convocatorias:

## 1. Requisitos académicos:

a) Para acceder ás escalas superiores de oficiais e escalas de oficiais dos corpos xerais dos exércitos e de infantaría de mariña, ás escalas superiores de oficiais de intendencia dos exércitos na cota de prazas que o Goberno non reserve especificamente para a modalidade de acceso a estes corpos previsto na alínea b) deste mesmo punto, así como ás escalas de oficiais dos corpos de especialistas dos exércitos, de acordo co establecido no artigo 64.1 da Lei 17/1999, do 18 de maio, esixiranse os mesmos niveis de estudos cós requiridos no sistema educativo xeral para acceder ós centros en que se obtéñen as titulacións equivalentes a cada un dos graos.

b) Para acceder ás escalas superiores de oficiais e escalas técnicas de oficiais dos corpos de enxeñeiros dos exércitos, ás escalas superiores de oficiais dos corpos de intendencia dos exércitos na cota de prazas que especificamente determine o Goberno para esta modalidade de acceso, e a determinadas especialidades fundamentais das escalas de oficiais dos corpos de especialistas dos exércitos, de acordo co establecido no artigo 64.3 da Lei 17/1999, do 18 de maio, requiriranse as titulacións do sistema educativo xeral que se especifiquen nas correspondentes convocatorias de entre as que se determinen nas normas regulamentarias que regulen os corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas.

c) Para acceder ás escalas superiores de oficiais e ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña na cota de prazas con titulación equivalente, á que se refire o artigo 64.2 da Lei 17/1999, do 18 de maio, requirirase estar en posesión daquelas do sistema educativo xeral que se especifiquen na correspondente convocatoria, de entre as que se determinen nas normas regulamentarias que regulen os corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas, en función das esixencias técnicas e profesionais da escala correspondente e sexan equivalentes ós diferentes graos do ensino militar de formación.

2. Límites de idade: non cumprir nin ter cumpridas dentro do ano en que se publique a correspondente convocatoria, como máximo, as seguintes idades:

a) Corpos xerais dos exércitos e de infantaría de mariña e corpos de intendencia dos exércitos, cando se esixan os requisitos académicos do punto 1.a) deste artigo: vintetrés anos, agás para militares profesionais e membros do corpo da Garda Civil, para os que se establece a idade de vinteseite anos.

b) Corpos de especialistas dos exércitos:

1.º Escalas de oficiais, cando se esixan os requisitos académicos do punto 1.a) deste artigo: con carácter xeral, vintetrés anos, agás para militares profesionais e membros do corpo da Garda Civil, para os que se establece a idade de vinteseite anos.

2.º Escalas de oficiais, cando se esixan os requisitos académicos do punto 1.b) deste artigo: trinta e tres anos, agás para militares profesionais e membros do corpo da Garda Civil, para os que se establece a idade de trinta e sete anos.

c) Corpos de intendencia dos exércitos, cando se esixan os requisitos académicos do punto 1.b) deste artigo, e corpos de enxeñeiros dos exércitos: trinta e tres anos, agás para militares profesionais e membros do corpo da Garda Civil, para os que se establece a idade de trinta e sete anos.

d) Corpos xerais dos exércitos e de infantaría de mariña, cando se esixan os requisitos académicos do punto 1.c) deste artigo: trinta e tres anos, agás para militares profesionais ou para membros do corpo da Garda Civil, para os que se establece a idade de trinta e sete anos.

**Artigo 17.** *Condicións particulares para acceder ós centros de ensino militar que capacitan para a incorporación ós corpos comúns das Forzas Armadas.*

Os aspirantes a acceder ós centros de ensino militar deberán reuni-las condicións particulares que para cada corpo e escala se indican a continuación e que se fixarán nas correspondentes convocatorias:

1. Requisitos académicos: para acceder á escala superior de oficiais e escala de oficiais do corpo militar de sanidade, á escala superior de oficiais do corpo xurídico militar, á escala superior do corpo militar de intervención e á escala superior de oficiais e escala de suboficiais do corpo de músicas militares, requiriranse as titulacións do sistema educativo xeral que se especifiquen nas correspondentes convocatorias de entre os que se determinen nas normas regulamentarias que regulen os corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas.

2. Límites de idade: non cumprir nin ter cumpridos dentro do ano en que se publique a correspondente convocatoria, como máximo, trinta e tres anos, agás para militares profesionais e membros do corpo da Garda Civil, para os que se establece a idade de trinta e sete anos.

**Artigo 18.** *Condicións particulares para acceder ós centros de ensino militar que capacitan para adquiri-la condición de militar de complemento.*

Os aspirantes a acceder ós centros de ensino militar que capaciten para adquiri-la condición de militar de complemento deberán reuni-las condicións particulares que se indican a continuación:

1. Acreditar en os niveis de estudos ou títulos que estableza a convocatoria de entre os que se determinan a continuación:

a) Modalidade «A», para completa-los cadros de persoal dos corpos xerais, de infantaría de mariña e de especialistas: ter aprobado o primeiro ciclo de educación universitaria.

b) Modalidade «B», para completa-los cadros de persoal dos corpos xerais e de infantaría de mariña que requiran a aptitude de voo: ter aprobado o primeiro ciclo de educación universitaria ou estar en posesión do título de piloto comercial de avión ou helicóptero e habilitación de voo instrumental expedido pola Dirección Xeral de Aviación Civil, sempre que non se perdesa a licenza de piloto como consecuencia de expediente administrativo ou xudicial.

c) Modalidade «C», para completa-los cadros de persoal dos corpos de intendencia, de enxeñeiros e dos corpos comúns das Forzas Armadas, así como para completa-los cadros de persoal de determinadas especialidades fundamentais dos corpos de especialistas nas que se esixa estar en posesión dos títulos de diplomado universitario, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico: estar en posesión dos mesmos títulos que se esixan regulamentariamente para o acceso a militar de carreira do corpo e escala correspondente.

## 2. Límites de idade:

a) Modalidades «A» e «C»: non cumprir nin ter cumpridos como máximo trinta e tres anos de idade dentro do ano en que se publiquen as correspondentes convocatorias.

b) Modalidade «B»: non cumprir nin ter cumpridos como máximo trinta anos de idade dentro do ano en que se publiquen as correspondentes convocatorias.

### Artigo 19. *Condicións particulares para acceder ós centros de ensino militar que capacitan para adquirirla condición de militar profesional de tropa e mariñeiría.*

Os aspirantes a acceder ós centros de ensino militar ou unidades que capacitan para adquirirla condición de militar profesional de tropa e mariñeiría deberán reunir as condicións particulares que se indican a continuación:

1. Posúen os niveis de estudos, títulos ou requisitos académicos que figuren en cada convocatoria.

2. Límites de idade: non cumpriren nin teren cumpridos como máximo vinte e oito anos de idade dentro do ano en que se publiquen as correspondentes convocatorias, agás para os reservistas voluntarios e para aqueles militares profesionais de tropa e mariñeiría que teñan a condición de reservista temporal, para os que se establece a idade de trinta e tres anos.

3. Os reservistas temporais non deberán ter cumpridos dez anos de servizos nas Forzas Armadas o ano en que se publique a convocatoria.

## CAPÍTULO VI

### Condicións particulares para a forma de acceso por promoción interna

#### Artigo 20. *Condicións particulares para os militares de carreira.*

Os aspirantes a acceder por promoción interna nos centros de ensino militar, deberán reunir as condicións particulares que se indican a continuación:

## 1. Niveis de estudos ou títulos:

a) Para os corpos de enxeñeiros dos exércitos e para determinadas especialidades das escalas de oficiais dos corpos de especialistas dos exércitos, os que determine a convocatoria en función do establecido no artigo 16.1.b) do presente regulamento.

b) Para o corpo militar de sanidade e para o corpo de músicas militares, os que determine a convocatoria en función do establecido no artigo 17.1 do presente regulamento.

2. Límites de idade: non cumprir nin ter cumpridos dentro do ano en que se publiquen as correspondentes convocatorias como máximo a idade de trinta e tres anos, agás nos casos en que se esixa unha titulación, previstos no punto 1 deste artigo, para os que se establece a idade de trinta e sete anos como máximo.

3. Tempo de servizos: levar alomenos dous anos de servizos na súa escala na data de incorporación ó centro de ensino militar correspondente, agás para os que opten á promoción interna no corpo de músicas militares, que deberán levar alomenos catro anos de servizo na data de incorporación ó centro de ensino.

#### Artigo 21. *Condicións particulares para os militares de complemento.*

Os aspirantes a acceder por promoción interna ós centros de ensino militar para a incorporación ás escalas superiores de oficiais e escalas de oficiais do corpo ó que estean adscritos, deberán reunir as condicións que se indican a continuación:

## 1. Niveis de estudos ou títulos.

a) Escala superior de oficiais dos corpos xerais dos exércitos e de infantería de mariña: os títulos oficiais de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.

b) Corpos de intendencia, corpos de especialistas, corpos de enxeñeiros dos exércitos e os corpos comúns: de acordo cos artigos 16.1.b) e 17.1, respectivamente, deste regulamento.

2. Límites de idade: non cumprir nin ter cumpridos como máximo trinta e sete anos de idade dentro do ano en que se publiquen as correspondentes convocatorias.

3. Tempo de servizos: levar alomenos catro anos de servizos no seu exército como tales na data de incorporación ó centro de ensino militar correspondente.

4. Ter en vigor, na data de incorporación ó centro de ensino militar, o correspondente compromiso como militar de complemento.

5. Empregos: alférez ou tenente.

#### Artigo 22. *Condicións particulares para os militares profesionais de tropa e mariñeiría.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría, para acceso ós centros de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais dos corpos xerais dos exércitos, corpo de infantería de mariña e corpos de especialistas dos exércitos, deberán reunir as seguintes condicións:

1. Requisitos académicos: estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

a) Título de bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, na modalidade ou modalidades que para cada corpo e, se é o caso, especialidade fundamental, se determine nas normas regulamentarias que regulen os corpos, escalas e especialidades das Forzas Armadas.

b) Acreditación da superación da proba que se recolle nos puntos 1 e 2 do artigo 32 da citada Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.

c) Acreditación da superación das ensinanzas que determinen as administracións educativas para completala madurez e as capacidades profesionais acreditadas pola posesión do título de técnico, de acordo co establecido no punto 3 do artigo 32 da citada Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.

d) Estar en posesión dalgunha das acreditacións académicas declaradas equivalentes para efectos de acceso ós ciclos formativos de grao superior.

2. Límites de idade: non cumprir nin ter cumpridos dentro do ano en que se publiquen as correspondentes convocatorias, como máximo, a idade de trinta e tres anos.

3. Tempo de servizos: levar alomenos tres anos de servizos como tales na data de incorporación ó centro de ensino militar correspondente.

4. Ter en vigor, na data de incorporación ó centro de ensino militar, o correspondente compromiso como militar profesional de tropa e mariñeiría.



## CAPÍTULO VII

**Condicións particulares para a forma de acceso por cambio de corpo**

Artigo 23. *Condicións particulares para o acceso por cambio de corpo.*

Os militares de carreira dos corpos xerais, infantería de mariña, de enxeñeiros e de especialistas, poderán acceder na cota de prazas da provisión anual que aprobe o Goberno e dentro do exército respectivo ás escalas superiores de oficiais e ás escalas técnicas de oficiais dos corpos de enxeñeiros, ás escalas superiores de oficiais dos corpos de intendencia e ás especialidades fundamentais das escalas de oficiais dos corpos de especialistas nas que se esixa para o acceso títulos do sistema educativo xeral, sempre que non alcanzasen o terceiro emprego da súa escala de orixe e cumpran as seguintes condicións:

1. Para acceso con titulación previa:

a) Títulos: os que determine a convocatoria en función do establecido no artigo 16.1.b) do presente regulamento.

b) Límites de idade: non cumprir nin ter cumpridos dentro do ano en que se publiquen as correspondentes convocatorias como máximo a idade de trinta e sete anos.

2. Acceso para a obtención da necesaria titulación: cando os requirimentos da defensa militar o esixan, a provisión anual, na cota que o Goberno aprobe, poderá determina-las prazas necesarias para que aqueles militares de carreira mencionados no primeiro parágrafo deste artigo, que desexen cursa-los estudos que permitan obter algún dos títulos ós que se refire o artigo 16 deste regulamento no seu punto 1.b) para as escalas de oficiais dos corpos de especialistas, para os corpos de intendencia dos exércitos e para os corpos de enxeñeiros dos exércitos, poidan solicita-la súa participación nas convocatorias correspondentes, sempre e cando non cumpran nin cumprisen dentro do ano en que se publiquen as correspondentes convocatorias a idade de trinta e tres anos como máximo.

## CAPÍTULO VIII

**Condicións particulares para accederen os militares profesionais de tropa e mariñeiría a unha relación de servizos de carácter permanente**

Artigo 24. *Condicións particulares para accederen os militares profesionais de tropa e mariñeiría a unha relación de servizos de carácter permanente.*

Os militares profesionais de tropa e mariñeiría poderán acceder a unha relación de servizos de carácter permanente, nas prazas que se determinen nas correspondentes convocatorias para alcanzar e mante-los efectivos establecidos na provisión anual á que se refire o artigo 3 deste regulamento, conservando o emprego que tivesen e debendo reuni-las condicións seguintes:

1. Requisitos académicos: estar en posesión do título de técnico do sistema educativo xeral ou equivalente.

2. Tempo de servizos: ter un tempo mínimo de servizos de oito anos na data límite de presentación de instancias.

3. Ter sido avaliado favorablemente para acceder a unha relación de servizos de carácter permanente.

4. Encontrarse na situación de servizo activo ou nos supostos e) e f) da situación de excedencia voluntaria

recollidos no artigo 141.1 da Lei 17/1999, do 18 de maio.

5. O número de convocatorias ás que se poderá optar será de tres, entendéndose que se consumiu unha convocatoria unha vez que o aspirante foi incluído na lista de admitidos, salvo cando se encontre destinado en unidades militares con misións fóra do territorio nacional e que por razóns do servizo non poida participar no proceso selectivo para optar ás prazas que se convocaron, sempre que o solicite antes do inicio da primeira proba.

## CAPÍTULO IX

**Probos**

Artigo 25. *Forma de realización das probas.*

1. As convocatorias determinarán a forma de realización das probas ou exercicios, que poderá ser: por quenda única, por quendas ou individualizada.

2. As convocatorias poderán determinar que, naqueles procesos selectivos en que concorran circunstancias especiais, a totalidade ou parte das probas se realicen de forma descentralizada.

Artigo 26. *Probos para o acceso a militar profesional de tropa e mariñeiría.*

Para acceso a militar profesional de tropa e mariñeiría, a realización das probas e, se é o caso, a validez das efectuadas en ciclos anteriores, a forma de solicita-la participación nelas así como a admisión a estas, nun proceso continuo de selección, rexeranse polo previsto na correspondente convocatoria.

Artigo 27. *Instancias.*

1. As instancias para participar nos procesos selectivos formularanse nos impresos e, se é o caso, cos sistemas de aboamento de dereitos de exame que se establezan nas convocatorias correspondentes. Deberán presentarse no prazo de vinte días naturais a partir do seguinte ó da publicación da convocatoria respectiva no «Boletín Oficial del Estado», ou no indicado na propia convocatoria. Cando a convocatoria, por referirse exclusivamente a promoción interna ou cambio de corpo ou para acceder a unha relación de servizos de carácter permanente, só se publique no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», os prazos referiranse á data de publicación nel.

Cando se dea a circunstancia de que o interesado opte a máis dun proceso selectivo para o acceso a ensinanzas militares entre os que se convoquen para a cota de prazas dese ano, na instancia poderá figura-la orde de preferencia das ditas ensinanzas militares.

2. Para ser declarado admitido ás probas abondará con que os aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, salvo que na convocatoria se requira a presentación previa de documentación de identificación persoal.

3. A autoridade convocante, en por si ou por proposta do presidente do órgano de selección, daralles conta ás autoridades competentes das falsidades en que puidesen ter incorrido os aspirantes para os efectos procedentes.

Artigo 28. *Lista de admitidos ás probas e excluídos.*

1. Expirado o prazo de presentación de instancias, a autoridade que determine a convocatoria, dictará unha

resolución no prazo máximo dun mes, na que declare aprobada a lista de admitidos ás probas e de excluídos.

2. A resolución publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e nela indicárase:

- a) A lista de aspirantes excluídos e excluídos condicionais, sinalándose un prazo de dez días para emenda.
- b) O lugar, data e hora de comezo da primeira proba e, se é o caso, a orde de actuación dos aspirantes.
- c) O «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» no que se publicaron as listas completas de aspirantes admitidos ás probas, excluídos e de excluídos condicionais.

3. Naquelas convocatorias que sexan exclusivamente por promoción interna ou para cambio de corpo ou para acceder a unha relación de servicios de carácter permanente, a resolución publicarase unicamente no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», e nela indicárase:

- a) A lista de aspirantes admitidos ás probas, excluídos e excluídos condicionais, sinalándose un prazo de dez días para emenda.
- b) O lugar, data e hora de comezo da primeira proba e, se é o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

4. Finalizado o prazo de emenda a que fan referencia os dous puntos anteriores, comunicáraselles ós interesados, polos medios que determinen as convocatorias, se foron admitidos ou quedaron excluídos definitivamente do proceso selectivo.

No suposto de que ó inicio da primeira proba os interesados permanezan na situación de excluídos ou excluídos condicionais, por non ter sido publicada, ou, se é o caso, comunicada a súa admisión ou exclusión definitiva, poderán presentarse ás probas con independencia da resolución posterior que se adopte.

A data de publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» correspondente da aludida resolución ou, se é o caso, a data de recepción da notificación persoal, será determinante dos prazos para efectos de posibles impugnacións ou recursos nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Unha vez comezadas as probas selectivas, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de realización das restantes probas nin no «Boletín Oficial del Estado» nin no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa». Estes anuncios deberá facelos públicos o órgano de selección, nos locais onde se realizaron as probas anteriores con doce horas, alomenos, de antelación ó comezo da seguinte proba.

#### Artigo 29. *Relacións de aspirantes admitidos como alumnos.*

1. Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes que tomaron parte nas probas, os órganos de selección farán públicas as relacións dos que resulten admitidos como alumnos, por orde de puntuación, e o presidente do órgano de selección elevaralle á autoridade que determine a convocatoria as ditas relacións; non se poderá declarar admitidos como alumnos un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas. As ditas relacións serán publicadas, pola citada autoridade, no «Boletín Oficial del Estado», agás aquelas que se refiran exclusivamente a promoción interna ou para cambio de corpo ou para acceder a unha relación de servicios de carácter permanente, que se publicarán no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

2. As resolucións dos órganos de selección vinculan a Administración sen prexuízo de que esta, se é o caso, poida revisalas conforme o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

## CAPÍTULO X

### Nomeamento dos aspirantes seleccionados

#### Artigo 30. *Achega da documentación.*

Os aspirantes que tomen parte no proceso selectivo para acceso ós centros de ensino militar achegarán as acreditacións persoais non académicas esixidas na convocatoria. Os que dentro do prazo indicado na convocatoria non presenten a documentación, non poderán ser admitidos como alumnos, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen ter incorrido por falsidade na súa instancia.

Quen tivese a condición de militar profesional, membro da Garda Civil ou de funcionario público estará exento de xustificalos requisitos xa acreditados para obter dita condición, deberá presentar unicamente certificación do ministerio ou organismo de que dependa, que acredite a súa condición e as demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

#### Artigo 31. *Nomeamento de alumnos dos centros de ensino militar.*

Ó faceren a súa presentación, os que accedan ós centros de ensino militar serán nomeados alumnos polo director ou xefe do centro de ensino militar correspondente. Previamente ó dito nomeamento, aqueles que non pertencen ás Forzas Armadas deberán asinar un documento de incorporación a estas, segundo modelo aprobado polo ministro de Defensa, adquirindo neste momento a condición de militar, e estarán sometidos ó réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares, sen quedaren vinculados por unha relación de servicios de carácter profesional.

A lista dos alumnos nomeados publicarase no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

## CAPÍTULO XI

### Recursos

#### Artigo 32. *Recursos.*

Contra as resolucións e actos administrativos dictados en materia de accesos e procesos selectivos, regulados no presente regulamento, poderán interperse os recursos procedentes consonte o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Disposición adicional primeira. *Medicina familiar e comunitaria.*

Nos procesos selectivos para acceso á especialidade fundamental de medicina do corpo militar de sanidade, o límite de idade, para poder participar nos ditos procesos selectivos, a que fai referencia o artigo 17 deste regulamento, será de trinta e cinco anos para aqueles que estean en posesión da especialidade de medicina familiar e comunitaria e, se é o caso, será tida en conta para a valoración de méritos da fase de concurso.

#### Disposición adicional segunda. *Acceso dos militares profesionais de tropa e mariñeiría e membros da escala de cabos e gardas da Garda Civil ó corpo de músicas militares.*

Ós militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven, alomenos, tres anos de servicio na data prevista

de incorporación ó centro de ensino militar e ós membros da escala de cabos e gardas do corpo da Garda Civil poderáselles reservar ata o 100 por 100 das prazas convocadas para optar ó acceso no dito centro, as ensinanzas do cal capacitan para a incorporación á escala de suboficiais do corpo de músicas militares, cos requisitos establecidos no artigo 17 deste regulamento, valorándose como mérito, ademais do tempo servido como militar profesional ou garda civil, o tempo destinado en unidades de música tanto das Forzas Armadas como do mencionado corpo.

A provisión anual de prazas determinará as cotas destas que correspondan tanto a militares profesionais de tropa e mariñeiría como ós membros da escala de cabos e gardas do corpo da Garda Civil.

*Disposición adicional terceira. Cambio de adscrición a corpo dos militares de complemento.*

1. Co fin de completa-los cadros de persoal daqueles corpos que, conforme as previsións do planeamento da defensa militar, poidan ser deficitarias, os militares de complemento poderán cambiar de corpo ó que están adscritos unha soa vez e dentro do propio exército.

Cando se posúan as titulacións esixidas para complementa-los corpos comúns das Forzas Armadas, o cambio de adscrición a corpo poderá facerse tamén dos corpos específicos dos exércitos ós corpos comúns das Forzas Armadas.

2. O cambio de adscrición a corpo regularase polas seguintes condicións:

a) Ter cumprido o compromiso inicial e, se é o caso, o tempo de servizo esixido polos cursos de especialización que se realizasen, no corpo de orixe, e para poder obtelo será necesario, ademais, ter superada a fase de formación esixida para a adscrición ó corpo ó que se vai complementar.

b) Emprego: alférez ou tenente.

c) Non cumprir nin ter cumpridos dentro do ano en que se publiquen as correspondentes convocatorias, como máximo, a idade de trinta e tres anos e non levar máis de sete anos como militar de complemento na data de incorporación ó centro de ensino militar.

d) Non supera-lo número máximo de tres convocatorias.

3. O ministro de Defensa publicará anualmente as prazas que poden cubrirse polo sistema de cambio de adscrición a corpo e os requisitos esixibles.

As convocatorias ateranse ó establecido no presente regulamento e resolveranse polos sistemas de concurso ou concurso-oposición, no que se valorará, entre outros méritos, o historial militar.

*Disposición transitoria primeira. Titulacións.*

Entrementres non se establezan regulamentariamente as titulacións a que fan referencia os artigos 16 e 17 do presente regulamento:

1. Nas correspondentes convocatorias seguiranse esixindo aqueles títulos ou titulacións establecidos nos artigos 18.1.b).2.º e 18.1.c), d), e), f), e g), do Regulamento de ingreso e promoción nas Forzas Armadas e Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1951/1995, do 1 de decembro.

2. Tamén se poderá esixir para tomar parte nos procesos selectivos para acceder ó centro de ensino militar correspondente, para incorporarse ó corpo militar de sanidade, o título de licenciado en psicoloxía.

3. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría e os membros da escala de cabos e gardas do corpo

da Garda Civil a que fai referencia a disposición adicional terceira do presente regulamento deberán estar en posesión do título de bacharelato en música, consonte o disposto no artigo 41.2 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e na disposición adicional terceira do Real decreto 756/1992, do 26 de xuño, pola que se establecen os aspectos básicos do currículo dos graos elemental e medio das ensinanzas de música. Tamén se poderá acceder mediante a acreditación dalgún dos requisitos de acceso ós ciclos formativos de grao superior e de ter superado o terceiro ciclo de grao medio das ensinanzas de música.

As especialidades instrumentais requiridas serán as que, de forma expresa, figuren nas correspondentes convocatorias, de entre aquelas a que se refire o artigo 72.2 do Real decreto 288/1997, do 28 de febreiro.

*Disposición transitoria segunda. Número máximo de convocatorias para promoción interna e cambio de corpo.*

Para os efectos do establecido no artigo 15.2.a) deste regulamento, consideraranse as convocatorias xa consumidas con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento, coas exencións recollidas nas súas disposicións transitorias cuarta, quinta e décimo primeira.

*Disposición transitoria terceira. Cambio de corpo.*

Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os militares de carreira das escalas de oficiais e suboficiais dos corpos xerais, de infantería de mariña, de enxeñeiros e de especialistas, que posúan a titulación requirida, poderán acceder, por cambio de corpo dentro do seu exército, ás escalas técnicas de oficiais dos corpos de enxeñeiros, escalas de oficiais do corpo de especialistas e ás escalas superiores de oficiais dos corpos de enxeñeiros e intendencia, optando ás prazas, e de acordo co regulado no artigo 23 deste regulamento, que se publiquen nas correspondentes convocatorias, quedando exentos dos límites de idade ou empregos regulados no dito artigo, así como do tempo de servizos esixido regulamentariamente na escala de orixe.

*Disposición transitoria cuarta. Promoción interna para os militares de complemento.*

Os militares de emprego da categoría de oficial que á entrada en vigor da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, pasaron a se denominar militares de complemento, nas convocatorias por promoción interna correspondentes ós anos 2000, 2001 e 2002, quedarán exentos dos límites de idade, emprego e número de convocatorias regulados no presente regulamento.

*Disposición transitoria quinta. Promoción interna para os militares profesionais de tropa e mariñeiría.*

Os militares de tropa e mariñeiría profesionais que á entrada en vigor da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, pasaron a se denominar militares profesionais de tropa e mariñeiría, nas convocatorias por promoción interna correspondentes ós anos 2000, 2001 e 2002, quedarán exentos dos límites de idade e número de convocatorias establecidos neste regulamento.

Disposición transitoria sexta. *Acceso a unha relación de carácter permanente dos militares profesionais de tropa e mariñeira.*

1. Durante os anos 2000, 2001 e 2002, para participar nos procesos selectivos, requirírase un tempo mínimo de servizos de nove anos, cumpridos o 1 de xaneiro do ano da convocatoria, e as demais condicións do artigo 24 do presente regulamento, sen que durante ese período sexan de aplicación os requisitos da titulación e o número máximo de convocatorias.

2. Entrementes non se estableza regulamentariamente a avaliación a que fai referencia o artigo 24.3 do presente regulamento, esta rexeráse polas normas vixentes para contraer novos compromisos.

Disposición transitoria sétima. *Acceso á escala superior de oficiais do corpo de músicas militares.*

Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os membros das escalas de subdirectores músicos do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, declaradas a extinguir na disposición adicional sexta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, que posúan a titulación requirida, poderán optar, por acceso directo, ó ingreso no centro de ensino militar correspondente para a incorporación á escala superior de oficiais do corpo de músicas militares, quedando exentos dos límites de idade.

Disposición transitoria oitava. *Acceso directo con reserva de prazas ó corpo militar de sanidade, psicoloxía.*

Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os suboficiais que, á entrada en vigor da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, acrediten posuí-lo título de licenciado en psicoloxía e o diploma de psicoloxía militar, poderán optar, por acceso directo dentro da cota de prazas reservadas que para tal efecto se convoquen e demais requisitos que estableza a convocatoria, ó ingreso no centro de ensino militar correspondente para a incorporación á escala superior de oficiais do corpo militar de sanidade, quedando exentos dos límites de idade.

Disposición transitoria novena. *Acceso dos suboficiais á escala de oficiais do seu correspondente exército.*

Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os suboficiais de tódolos corpos ós que para acceder ás antigas escalas de complemento se lles esixiu estar en posesión do título de diplomado universitario, poderán optar, por promoción interna e dentro das prazas que para tal efecto se convoquen, ó ingreso no centro de ensino militar correspondente para a incorporación á escala de oficiais do mencionado corpo, quedando exentos dos límites de idade e emprego, debendo reunirlos demais requisitos que estableza a convocatoria.

Disposición transitoria décima. *Acceso á escala de suboficiais dos cabos primeiros permanentes do Exército de Terra.*

Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os cabos primeiros de Exército de Terra que accedesen a unha relación de servizos de carácter permanente ata a idade de retiro con anterioridade á entrada en vigor da Lei 17/1999, do 18 de maio, poderán acceder, por promoción interna, ás escalas de suboficiais do

dito exército, acreditando o nivel educativo e o resto de condicións que se requiran na convocatoria, quedando exentos dos límites de idade.

Disposición transitoria décimo primeira. *Promoción interna dos militares de complemento cos títulos de licenciado en psicoloxía e licenciado en veterinaria.*

Os militares de complemento en posesión do título de licenciado en psicoloxía ou o título de licenciado en veterinaria que se adscribiron á escala superior do corpo militar de sanidade, nas convocatorias por promoción interna, quedarán exentos dos límites de idade e emprego regulados no artigo 21 deste regulamento, mentres manteñan a condición de militar de complemento, consoante o establecido no artigo 91 da Lei 17/1999, do 18 de maio, e no número 2 da súa disposición adicional cuarta. Do mesmo xeito, nas convocatorias por promoción interna correspondentes ós anos 2000, 2001 e 2002 quedarán exentos do número máximo de convocatorias que estipula o artigo 15.2.a) do presente regulamento.

Disposición transitoria décimo segunda. *Alumnos dos institutos politécnicos do Exército de Terra.*

Os ingresados como alumnos de formación profesional nos institutos politécnicos do Exército de Terra con anterioridade ó 1 de xaneiro do ano 2000 que superen os correspondentes estudos, manterán reserva de praza para cursa-lo ensino de formación que capacite para o acceso a determinadas especialidades de militares profesionais de tropa do Exército de Terra.

**19137** REAL DECRETO 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina. («BOE» 256, do 25-10-2000.)

A implantación da liberdade de circulación de mercadorías, que esixe o correcto funcionamento dun mercado común, implica necesariamente a harmonización das lexislacións dos Estados membros da Unión Europea relativas ás condicións, principalmente técnicas e sanitarias, requiridas para a comercialización dos distintos produtos e, en particular, dos animais vivos.

No caso dos animais vivos, a harmonización da normativa sanitaria resulta esencial e, para a súa consecución, dictáronse numerosas directivas, entre elas a Directiva 64/432/CEE, do Consello, do 26 de xuño, relativa ós problemas de policía sanitaria en materia de intercambios intracomunitarios de animais das especies bovina e porcina, que foi incorporada ó ordenamento xurídico interno polo Real decreto 434/1990, do 30 de marzo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables ó comercio intracomunitario de animais vivos da especie bovina e porcina.

A conveniencia de clarifica-la normativa vixente nesta materia, unida á necesidade de reforza-las medidas veterinarias de vixilancia epidemiolóxica, levou á aprobación da Directiva 97/12/CE, do Consello, do 17 de marzo, pola que se modifica e actualiza a Directiva 64/432/CEE, do Consello. A Directiva 97/12/CE resultou, pola súa vez, modificada pola Directiva 98/46/CE, do Consello, do 24 de xuño, que sinala a substitución dos anexos A, D (capítulo I) e F da Directiva 64/432/CEE e pola Directiva 98/99/CE, do Consello, do 14 de decembro. Por outra parte, a Directiva 64/432/CEE foi modificada recentemente polas Directivas 2000/15/CE, do Parla-